Quercus pyrenaica Willd., 1805

carballo cerqueiro, cerquiño, c. curpio, c. negral, rebolo cerqueiro
roble melojo, rebollo, roble negral
amezti, ametz arrunta, haritz ametz
roure rebol
pyrenean oak, spanish oak
carvalho negral, carvalho cerquinho, carvalho rosnado



Fuente: "Guía das árbores de Galicia". de H. Niño Ricoi y C. Silvar. Ed. Bahía. 1997.

ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX | ES | CR | EP | VU | CA | PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Fagales**	**Fagaceae**	***Quercus***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Porte arbóreo. Crecemento medio, pode acadar entre 10 e 25 metros de atura. Árbore caducifolia. Longa lonxevidade. Tronco recto e tortuoso, con ramificacións a miúdo retorcidas. Copa alta e ampla. Codia grosa, escura e agretada. Follas de entre 8 e 18 cm, con lóbulos redondeados e irregulares, de cor verde escura na capa superior e pardas ou esbrancuxadas no envés, adquiren cores amarelentas no outono, cubertas de pilosidades esbrancuxadas. Flores solitrias ou agrupadas de uns 2-4 cm, floración nos meses de maio e xuño. O seu froito son as landras, de forma ovoide e 2-3 cm de longo, presentan unha cúpula escamosa que cobre aproximadamente a metade superior. Frutificación a finais do verán e principios do outono.

HÁBITAT

Crece en bosques mixtos e piñeirais. Adoita preferir solos silíceos, ácidos e areosos. Atópase entre os 400 e os 1800 m de altitude. Tolera ben o frío e a seca estival. Non a benefician as zonas de sombra prolongada.

DISTRIBUCIÓN

É endémica da Península Ibérica e o norte de Marrocos. Aparece tamén nas zonas occidentais de Bretaña e de Francia.

CURIOSIDADES

Ten unha boa capacidade de rexeneración natural debido a que a súa raíz pode emitir brotes incluso tras quedar o tronco danado.